

Un intento fallido

Tallón naufraga no seu debut

A autopsia da novela ·

Juan Tallón ·

Duen de Bux, 2007 ·

232 páx · 16 euros



Non sabemos se chamarlle a esta obra *novela* é axeitado; tal pretende ser, pois resultou gañadora do VI Premio Pastor Díaz de Novela do Concello de Viveiro, o que nos fai agardar certas expectativas que non se cumpren. Os frecuentes erros morfolóxicos e sintácticos, incluso algúns ortográficos, converten a lectura nunha tarefa tediosa que nos leva a preguntarnos que traballo de corrección houbo por parte do autor e da editorial. Tememos que ningún. O uso de xénero trabucado (o análise, a sangue...), a incorrecta colocación dos pronomes persoais átonos ou a ignorancia das alternancias vocálicas nos verbos como servir, sentir, bulir, etc... afean un texto que por veces alcanza algunha calidade literaria.

As constantes intervencións do narrador, do autor implícito e do autor explícito rompen o fío argumental dun xeito que chega a molestar. En efecto, o autor explícanos como se constrúe unha novela, cales son as figuras estilísticas máis frecuentes e cales as estruturas desexables; cita con profusión nomes de escritores recoñecidos como exemplos a seguir no que semella unha mostra superflua de erudición, e non sente ningún reparo en nomearse a si mesmo como artífice da obra que está a elaborar, malia que se ampare nun *alter ego* chamado Xoán Tallón.

En principio trataríase dunha novela policial coa súa trama canónica, o seu asasino (en serie), os seus mortos e os seus policías (un deles en crise profesional e persoal), mais a presenza impertinente do devandito narrador dis-trae o lector, que non entende que función ten nin para que interrompe o discurso, a pesar de que o explica coma unha autopsia. Ao longo desas explicacións, insiste en que o de menos para el é o argumento, pois interésalle máis afondar na psicoloxía dos personaxes, algo que o lector é capaz de captar por si mesmo.

Coidamos que é este un experimento literario frustrado, pois só en contadas ocasións acada que o lector se mergulle na obra e, unha vez conseguido, racha o ritmo co que consideramos digresións fóra de lugar. Quizais en futuras entregas Juan Tallón deixe libres os personaxes para explicarse a si mesmos.

// Uxía Casal